

## Reunión Extraordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

26-05-2020

**Orde do día:**

1. Plan piloto de implantación de docencia mixta (presencial/non presencial) nos centros de forma experimental no curso 2020-2021.
2. Quenda aberta

**Asistentes:**

M.S. Freire, J.M. Garrido, R.A. Guerra, A. Mosquera, M.C. Palacios, E.Rodil, M.A. Sotelo, M.A. Val

**Excusan a súa  
asistencia:**

A. Franco, J. González,

O día 26 de maio ás 11:00 h por videoconferencia (MS Teams), reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### **1. Plan piloto de implantación de docencia mixta (presencial/non presencial) nos centros de forma experimental no curso 2020-2021**

O día 9/05/2020 recibese un correo electrónico da dirección da ETSE onde se indica que o Reitor propuxo aos centros analizar a posibilidade de acollerse para o próximo curso a un Plan piloto de implantación de docencia mixta (presencial/non presencial) nos centros de forma experimental. Acollerse a este plan suporá adquirir a condición de "centro seguro" e terase en conta pola ACSUG na valoración das actividades do profesorado implicado. Tamén se indicou que haberá axudas para equipamentos e infraestructuras. O obxectivo é incorporar en todas as materias do título ferramentas de docencia non presencial fomentando ao mesmo tempo a avaliación continua. Non obstante, se indicou que a Xunta establecerá algúns requerimentos a cumprir, dos que se espera informarán pronto. A decisión hai que tomala a finais de maio, por iso, pedíusenos que analicemos na comisión do título a posibilidade de implantalo.



: @etse\_usc

@EnxQuim\_USC

O día 21/05/2020 a Xunta fai público un borrador cun “Programa de transformación á docencia innovadora no Sistema Universitario de Galicia” que é enviado polos sindicatos.

O día 26/05/2020 a Xunta retira o borrador anterior por non ser aceptado polo SUG.

O día 26/05/2020 recíbese un correo do reitor (Anexo I) no que un grupo de traballo vai participar na elaboración dun documento guía para a organización da docencia do vindeiro curso académico. Ven adxunto o documento: “*Plan de impulso e consolidación das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG. Curso 2020-2021*”.

A Coordinadora do Grao informa á comisión das seguintes cuestións por orde da Directora da ETSE:


- a) A Xunta de Galicia ven de elaborar un documento borrador cun “Programa de transformación á docencia innovadora no Sistema Universitario de Galicia” que xa foi rexeitado polas tres universidades do SUG e por tanto hoxe (26/05/2020) foi retirado pola Xunta.
- b) A USC en conxunto coa UVigo e a UCoruña definiu un grupo de traballo que se vai a encargar de elaborar un novo documento conxunto en substitución do anterior. O profesor Francisco Omil representa á área de Enxeñaría neste grupo de traballo. Neste senso incluo o correo electrónico da USC (Anexo I).
- c) Nas guías docentes das materias do vindeiro curso faránse as modificacións pertinentes para incluír a posibilidade de impartir as materias en tres escenarios diferentes:
  - Escenario 1: Situación de normalidade. Docencia presencial no que a guía docente é igual que a do curso pasado antes da pandemia.
  - Escenario 2: Situación de presenza do COVID-19 mantendo normas mínimas de protección e restricións de aforo. Docencia combinada presencial/non presencial.
  - Escenario 3. Situación de peche polo COVID-19. Docencia non presencial.
- d) A idea da universidade é comezar o vindeiro curso na data que estaba establecida (7 de setembro) excepto o primeiro curso que debido ao retraso das probas da EBAU comezará probablemente un par de semanas máis tarde.
- e) Haberá apoio con infraestruturas aos centros como cámaras, micrófonos, posiblemente haberá a posibilidade de comprar algún equipo portátil de videoconferencia como o que xa hai na ETSE para algúns másters.

Neste momento a petición inicial da USC de avaliar a posibilidade de impartir a docencia en formato combinado presencial/non presencial parece que xa está decidido. Por este motivo dende a comisión acordase elaborar un documento cuxa finalidade é avaliar as posibles modificacións precisas no eido da docencia do vindeiro curso 2020-2021 motivadas pola pandemia do COVID-19 atendendo aos Escenarios 2 e 3 antes mencionados (Anexo I).

## 2. Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 12:30 h.

En Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao